

CONVOCATORIA
Renovación das vogalías do
Comité de Ética da Investigación e a Docencia da Universidade da Coruña
(CEID-UDC)

1. OBXECTO E FINALIDADE

De conformidade co artigo 5.5 do Regulamento do Comité de Ética da Investigación e a Docencia da Universidade da Coruña (CEID-UDC), publícase a presente convocatoria para proceder a súa renovación parcial, correspondente a seis (6) vogalías (unha delas reservada a unha persoa graduada/licenciada en medicina)

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode presentar a súa solicitude calquera membro da comunidade universitaria da UDC, incluíndo: persoal docente e investigador; persoal técnico, de xestión, de administración e servizos; persoal contratado en tarefas de investigación, e estudantes de doutoramento matriculado/a na UDC no curso académico 2025/2026. Ademais, poderán presentarse persoas alleas á UDC, sempre que o número total de vogalías nomeadas nesta categoría non exceda de dúas.

3. PROCEDEMENTO

As persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Reitoría, rúa da Maestranza 9. 15001 A Coruña), no rexistro auxiliar (Edificio de usos administrativos-Campus de Esteiro, Ferrol), no rexistro electrónico da Sede Electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>) ou nas restantes formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015).

A solicitude, debe conter a seguinte documentación:

- a) Solicitude de incorporación ao CEID-UDC dirixida á Vicerreitoría de Investigación Transferencia da UDC.
- b) Documento acreditativo da identidade (DNI ou similar).
- c) Currículo abreviado en formato libre (extensión máxima: 2 páxinas), onde consten as titulacións, cursos, traballos e, en xeral, calquera mérito relativo ao obxecto desta convocatoria, así como o vínculo coa Universidade (p.ex., grupo de investigación, facultade/escola, departamento ou área de coñecemento), de ser o caso.
- d) Carta da persoa solicitante na que exprese a súa motivación para formar parte do CEID-UDC.

O prazo de presentación da solicitude será de dez días naturais, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

4. RESOLUCIÓN

A comisión de selección estará integrada polas persoas responsables da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, da Vicerreitoría de Titulación e Internacionalización, da presidencia, vicepresidencia e da secretaría do CEID-UDC, ou persoas en quen deleguen. A comisión poderá

requirir documentación complementaria á persoa solicitante. Na selección procurarase garantir a diversidade de áreas de coñecemento e ámbitos de especialización docente e de investigación, así como a paridade entre mulleres e homes.

Así mesmo, asegurase o cumprimento dos requisitos establecidos para os comités de ética da investigación acreditados pola Consellería de Sanidade, de acordo co disposto no artigo 9 do Decreto 63/2013, do 11 de abril, polo que se regulan os comités de ética da investigación de Galicia.

A comisión publicará no TEO unha lista provisoria de persoas admitidas e excluídas e abrirá un prazo de cinco días naturais para a presentación de reclamacións. A comisión de selección publicará no TEO a listaxe de persoas seleccionadas como vogais do CEID-UDC.

5. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os datos recollidos neste procedemento serán tratados pola UDC para a xestión de expedientes administrativos de persoal e xestión de persoal.

O órgano responsable do devandito tratamento é a Secretaría Xeral, ante a que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento e oposición, na Reitoría da UDC (rúa Maestranza 9, 15001 A Coruña; correo-e: rpd@udc.gal; teléfono: 881011161) ou a través da Sede Electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>). A Delegada de Protección de Datos é dona Luz María Ponte Aba (dpd@udc.gal).

A base de xustificación deste tratamento é a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e na Lei autonómica 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia).

Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigacións legais. Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

O vicerreitor de Investigación e Transferencia